

5

Taxa por concorrencia a
probas selectivas para o
ingresso de persoal no
Concello.



**10.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CONCORRENCIA A PROBAS SELECTIVAS
PARA O INGRESO DE PERSOAL NO CONCELLO**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA XURÍDICA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española de 1978 e do artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime Local, e no disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido das Facendas Locais recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por concorrencia as probas selectivas convocadas polo concello de Mos para o ingreso de persoal no Concello con carácter fixo, temporal ou interino.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOBIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da convocatoria e celebración das probas selectivas de ingreso de persoal o servizo do mesmo. Non estará suxeita a taxa a selección de persoal de carácter temporal subvencionado por outra administración pública, cando os aspirantes sexan remitidos directamente polo Servizo Galego de Colocación ou outro organismo similar.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Será suxeito pasivo da taxa, quen solicite participar na celebración das distintas probas selectivas para o ingreso como persoal do concello de Mos.

ARTIGO 4.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa atendendo a clasificación da praza a cal se pretende acceder, e de acordo as seguintes tarefas:

<i>Grupo ou categoría</i>	<i>Prazas fixas</i>	<i>Interinos e temporais</i>	<i>Demandante emprego praza fixa</i>	<i>Demandante de emprego temporal</i>
Grupo A ou Cat. 1	24,00 €	12,00 €	10,00 €	6,00 €
Grupo B ou Cat. H	18,00 €	9,00 €	9,00 €	4,20 €
Grupo C ou Cat. 111	14,40 €	7,20 €	7,20 €	3,60 €
Grupo D ou Cat IV	10,80 €	5,40 €	3,60 €	1,20 €
Grupo E ou Cat V	7,20 €	3,60 €	3,60 €	1,20 €

Para verse beneficiado das bonificacións recollidas para os demandantes de emprego, estes deberán estar inscritos na correspondente oficina do Servizo Galego de Colocación ou a correspondente do Estado ou de outra comunidade autónoma cunha antelación mínima de 2 meses, inscrición que deberá acreditar xunto coa solicitude, no momento de inscrición.

ARTIGO 5.—DEVENGO

O devengo da Taxa producirase no momento de presenta-la solicitude de participar na correspondente proba selectiva.

**ARTIGO 6. — RÉXIME DE XESTIÓN**

A taxa liquidarase en réxime de autoliquidación facultándose a Alcaldía para a aprobación do impreso oficial correspondente.

A tal efecto deberá axuntar xunto ca solicitude de inscrición copia do correspondente ingreso da Taxa na Tesourería municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2011, quedando aprobada definitivamente ao non presentarse reclamación algunha contra a aprobación provisional, entrando en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou ate a derogación expresa da mesma."